

## **Para as miñas nubes**

Cando miro ao ceo nun atardecer  
as veces só vexo o ceo alaranxado  
e outras, diminutas nubes marróns,  
violetas ou da cor da rosa.

Tamén podo ver longas nubes,  
artificiais ou redondas, naturais.

Se miro coa mente aberta,  
usando toda a miña imaxinación  
albisco nubes abertas  
que semellan grandes fósiles,  
pero outras, redondeadas elas,  
poden parecer simpáticos peixiños,  
ou pequenos coelliños saltando,  
e tamén esveltos cabalos  
coas patas en alza, atacando.

Aínda que se o penso un pouco,  
doume de conta de que soamente,  
só son enormes masas de vapor  
que eu nunca xamais poderei acariciar.

**Paz López-Vizcaíno Rubio de 2º de ESO**